

COMUNICADO

Dende o IES Beade queremos deixar constancia a día 17 de setembro de que:

- A nosa solicitude de 2 profesores para afrontar con seguridade a atención ao alumnado seguindo as instrucións recibidas a 31/8/2020 no tocante ao distanciamento preceptivo de 1,5 m. non foi admitida pola administración.
- Descartando a semipresencialidade polas desigualdades que pode crear entre o alumnado, a única medida que nos vemos obrigados a adoptar é a da instalación dunhas *mamparas* divisoras que manteñen aos alumnos separados por elas a unha distancia de 60 cms.
- A xestión do seu encargo e instalación, foi autorizada á dirección do IES Beade a través de Inspección Educativa telefonicamente, pero descoñecemos se o seu material, dimensións, e/ou montaxe/instalación obedece a algunha normativa sanitaria.
- Non temos información sobre se o cargo do seu importe será sufragado pola Consellería de Educación ou será un gasto de autoxestión do instituto.
- Tampouco temos coñecemento das rutinas, e procedementos de limpeza e mantemento.
- Necesitamos a autorización expresa das autoridades competentes de que a instalación das *mamparas* atende á legalidade e ou normativa sanitaria.
- A práctica habitual é que ao longo do curso recibamos alumnos remitidos dende Comisión de Escolarización circunstancia que, de darse este ano académico implicará ter que instalar máis *mamparas*.
- Por último, supoñemos que a súa función se limitará ao tempo de pandemia, rematado o cal imaxinamos que teremos que encargarnos da súa desmontaxe e almacenamento ou reciclaxe.

Esta información consideramos que debe estar a disposición das familias e/ou responsables dos nosos alumnos/as. Tamén cremos que debe de ser coñecida polas autoridades educativas e sanitarias, para que nos garantan que o noso proceder está axustado ás medidas de hixiene e prevención necesarias, eximíndonos, como equipo directivo, de toda posible responsabilidade en caso de gromos ou contaxios debidos á vernos obrigados a tomar decisións que se nos escapan aos nosos coñecementos, experiencia e competencias.

Beade, 17 de setembro de 2020